



COMUNICADO Á OPINIÓN PÚBLICA

Os sindicatos CC.OO. e U.G.T. GALICIA. pídenlle aos Grupos Parlamentares do Parlamento Galego, que voten a favor da admisión a trámite da INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA O RECOÑECEMENTO E PROTECCIÓN DAS ACTIVIDADES PESQUEIRAS E MARISQUEIRAS TRADICIONAIS, que se vai debater o 22 de outubro na cámara galega.

Queremos facer pública a nosa posición ante o debate que se vai desenvolver o vindeiro 22 de outubro, no Parlamento de Galicia, sobre a INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA O RECOÑECEMENTO E PROTECCIÓN DAS ACTIVIDADES PESQUEIRAS E MARISQUEIRAS TRADICIONAIS:

Pedimos a todos os Grupos Parlamentares que voten a favor da admisión a trámite desta ILP polo Parlamento de Galicia.

Entendemos que a sociedade galega en xeral e o Parlamento de Galicia en particular teñen unha débeda histórica co sector tradicional da pesca, marisqueo e acuicultura extensiva, a de recoñecerlles o seu status legal de **seren consideradas de interese xeral a todos os efectos**. Precisamos coidar da nosa xente do mar, recoñecerlle a importancia do seu traballo e darlle unha perspectiva de futuro.

Por iso apoiamos a **introdución dun novo artigo na actual Lei de Pesca de Galicia** que incorpore ese recoñecemento a todo o sector tradicional do mar.

Igualmente apoiamos a **introdución doutro artigo** -na mesma lei- que recolla a necesidade de que nos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo se priorice e garantice o exercicio das actividades do sector do mar, mediante un **Informe preceptivo e vinculante da Consellería do Mar** fronte a calquera outro proxecto ou explotación e á introdución de actividades que resulten incompatíbeis ou supoñan unha afectación negativa para as actividades produtivas.

É necesario lembrar que o sector primario do mar de Galicia é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xera. Mariscadoras a pé, bateiros, mariñeiros, mariscadores a flote, etc. constitúen un amplísimo



comisións obreiras

colectivo que ten o seu medio de vida no mar. Este sector xera empregos estables tamén en épocas de crise, en comparación con outras actividades xa que este resiste mellor a inestabilidade do ciclo económico, como se veu demostrando nos últimos anos (crise financeira e crise COVID).

“En ningún país da UE a pesca e a acuicultura son tan relevantes para unha economía e en ningún outro sector Galicia presenta unha especialización tan forte con respecto á economía europea”

“O sector da pesca xera 12,8 empregos na economía galega por cada millón de euros producido, dos cales 6,8 se xeran na propia rama e os 6 restantes correspóndense con empregos indirectos noutras ramas da economía que subministran inputs a estas actividades ou aos seus provedores” (Análise do sector da pesca, IGE, 2023, páxs. 53-54).

Á importancia económica derivada do sector primario do mar de Galicia, únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, onde irradia beneficios entre amplas capas da poboación, converténdose nun importantísimo mecanismo de distribución de riqueza no entorno local que estimula a implantación de actividades e pequenos negocios, asenta poboación e vertebra o territorio.

Asemade, este conxunto de actividades do mar ten un importante valor desde o punto de vista etnográfico e gastronómico. Achega trazos de identidade e de diferenciación a través da calidade do local que son aproveitados por un dos sectores punteiros na actualmente, o turismo. Así, o turismo en Galicia desenvólvese sobre catro piares: a calidade das augas e dos produtos que saen delas, a singularidade etnográfica ligada ao mar, a beleza da paisaxe costeira e unha gastronomía que ten como emblema os produtos locais do mar.

A actividade das embarcacións de pesca artesanal e o marisqueo e das bateas singularizan a nosa paisaxe. Todas producen peixes e mariscos de calidade, aos que os consumidores outorgan alta estima e prestixio. A gastronomía e o turismo sustentan un volume crecente de negocios en toda a costa.

Finalmente sinalamos que, en termos ambientais, a elevada produción de bivalvos, especies dos niveis tróficos inferiores da cadea alimentaria, significa unha importante fixación do CO₂ atmosférico e unha grande eficiencia enerxética, piares dos alimentos que nos garantizan a soberanía alimentar.